

PERVERSIDADE

Fritz Lang, 1945

549

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 27 de xuño e 9 de xullo | V.O.S.E.

Scarlet Street (1945, 103')

Dirección: Fritz Lang

Guión: Dudley Nichols (Novela: Georges de La Fouchardière, André Mouézy-Éon)

Elenco: Edward G. Robinson, Joan Bennett, Dan Duryea, Jess Baker, Margaret Lindsay, Rosalind Ivan, Samuel S. Hinds, Vladimir Sokoloff

Son: Glenn E. Anderson, Bernard B. Brown

Montaxe: Arthur Hilton

Dirección de arte: Alexander Golitzen

Vestuario: Travis Banton

Música: Hans J. Salter

Fotografía: Milton Krasner

Produtora: Universal Pictures (EEUU)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Mientras Nueva York duerme, 1956

Los contrabandistas de Moonfleet, 1955

Los sobornados, 1953

La mujer del cuadro, 1944

Furia, 1936

M, o vampiro de Düsseldorf, 1931

Metrópolis, 1927

PREMIOS E FESTIVAIS


Sight & Sound (Terceiro mellor filme da historia no Top 50 da publicación)

SINOPSE

Christopher Cross é un simple caixeiro infelizmente casado, pero ten un extraño talento para a pintura. En certa ocasión, coñece a unha aventureira da que namora e faille crer que é un pintor de éxito. A rapaza e o seu mozo, un individuo sen escrúpulos, aproveitan a ocasión para explotar o pobre home, que chegará mesmo a cometer un desfalco na súa empresa para que ela siga crendo que é un artista de éxito.

«O estudo máis desgarrador sobre a culpa e a condena de Fritz Lang»

Dave Kehr, CHICAGO READER



“A crítica social é fundamental para un director”

Entrevista con Fritz Lang

Por Jacques Rivette e Jean Domarchi

Prefires os teus filmes americanos ou os alemáns?

É unha pregunta moi complexa. Non sei que responder e non creo que a deba responder eu. Normalmente diría que o mellor filme é no que estou a traballar en cada momento pero somos simples homes, non deuses.

Mesmo así, en cada período haberá algúns filmes cos que te sintas máis identificado?

Si, naturalmente. Cando teño grande éxito de público o que me interesan son as súas emocións e reaccións. Iso foi o que sucedeu en Alemaña con *M*, o vampiro de Düsseldorf (1931). Nun filme de aventuras ou criminal como *El Doctor Mabuse* (1922) ou *Los espías* (1928) xerábanse puras sensacións, o desenvolvemento dos personaxes non importaba moito. Pero en *M* comecei a facer algo novo, que continúe en *Furia* (1936). Creo que *M* e *Furia* son os meus filmes preferidos xunto a tres filmes americanos como son *Perversidade* (1945), *La mujer del cuadro* (1944) e *Mientras Nueva York duerme* (1956). Todos estes filmes están baseados nunha crítica social e creo que está crítica é fundamental para un director.

A que te refires con crítica social, a un sistema concreto ou a toda unha civilización? Non sabería diferencialo.

É unha crítica á nosa contorna, ás nosas leis e costumes. Sempre que fago un filme douno todo, tento amosar o ser humano moderno tal e como é. Temos esquecido o verdadeiro sentido da vida, traballamos só para conquistar cousas, por diñeiro, non para enriquecer a nosa alma senón para acadar vantaxes materiais. E se esquecemos o sentido da vida estamos mortos.

Publicado en Cahiers du Cinéma, nº99, setembro de 1959

“En Hollywood é difícil atopar apoios cando queres innovar”

Entrevista con Fritz Lang

Por Mary Morris

Cre vostede que é posíbel determinar de que sofre o noso sistema social examinando os casos criminais?

Seguramente. O meu desexo é que a xente aprenda a ver mellor as causas reais do crime. Por desgraza hai moitos tipos de asasinato que non podemos mencionar no cinema. Esmérome en informarme sobre como son as persoas que retrato nos meus filmes. En cada un deles revelo signos de debilidade e, ao mesmo tempo, de fortaleza.

Ten algún atranco por parte dos estudos para tratar temas serios?

Desde que estou en Estados Unidos tento expresar mediante o cinema o que penso

do nazismo. Para facer un cinema cómpre contar cunha certa conciencia social e ter algo que dicir.

Pero vostede foi un dos directores máis célebres do cinema alemán...

Cando Hitler tomou o poder, o ministro de propaganda, Goebbels, convocoume para pedirme que dirixise a industria cinematográfica nazi. Finxín que a idea me entusiasmaba e, ao saír da reunión, metínme no primeiro tren con dirección a Francia. En Alemaña ficou a miña fortuna, unha gran colección de libros e pintura. Tiven que comezar de cero. Non foi doado pero estou contento.

Por que non se fai apenas cinema sobre problemas actuais?

En Hollywood é difícil atopar xente que te apoie cando queres innovar. Eu simplemente quero vivir honradamente e négome a contribuír a ningunha forma de fascismo. Creo coñecer o meu oficio, teño fortes convicións e sei exactamente o que quero. Acotío síntomas decepcionados porque sei con toda precisión e por adiantado como debe ser cada liña de guión, as interpretacións, a arquitectura do filme, cada movemento de cámara. Se por calquera motivo non podo realizar un movemento de cámara tal e como tiña en mente o problema convértese nunha tortura para min. É a miña razón de vivir: o traballo. Cando rodo unha escena non me gusta pararme até que a rematei pero os actores estadounidenses teñen grandes principios sobre a necesidade de comer a unhas horas regulares.

Publicado en Présence du Cinéma, 1964
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Fritz Lang en América, Peter Bogdanovich.
Fundamentos, 1991

La escultura de Fritz Lang, VV.AA. Maia, 2008

Metrópolis Fritz Lang. Divisa [DVD]

Metrópolis / El doctor Mabuse / La mujer de la luna, Fritz Lang. Divisa [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenumax

